

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION EXTRAORDINARIA DO 16 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Lago Rey, M^a Jesús, concelleira do grupo municipal Socialista.
Regades Fernández, David, concelleiro do grupo municipal Socialista.
Rivas González, Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e seis minutos do día dezaseis de novembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago

Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, iniciamos o Pleno extraordinario número 14 convocado para o día de hoxe ás 11,00 horas, coa orde do día de incendios producidos no termo municipal de Vigo nos días 15 e 16 de outubro: actuación das diferentes administracións.

Hai unha diverxencia de interpretacións, dúas propostas contraditorias na proposta que fai o grupo propoñente que por unha parte propón unha comparecencia do goberno e por outra propón unha proposta de acordo a modo de declaración, e o Regulamento contempla fórmulas distintas para as dúas partes da proposta e polo tanto procederemos como corresponde a unha proposta con sinaturas dun grupo que ten dereito a convocar un Pleno extraordinario para debater unha proposta concreta, non para solicitar unha comparecencia que ten que ser votada en todo caso neste Pleno, pero como este goberno quere comparecer e quere falar en detalle, e en extensión de todo o que ten que ver cos incendios do día 15 e 16, as actuacións das administracións, singularmente da administración municipal e a análise dos eventos ulteriores e das propostas das diferentes administracións, xa adianto que vou convocar un Pleno o próximo día 22, mércores, coa orde do día de comparecencia do goberno para tratar das actuacións das diferentes administracións ante os incendios acaecidos os días 15 e 16 e accións posteriores. Polo tanto, é a petición do goberno, vai haber unha comparecencia do propio goberno para tratar de todo o acaecido nese momento, os anteriores e os posteriores. Como é natural despois desa comparecencia do goberno, haberá propostas de resolución por parte dos diferentes grupos, porque na convocatoria que se nos fai só hai unha proposta de resolución, polo tanto, os grupos non

propoñentes non poden, poden propoñer emendas que poden ser aceptadas ou non. Polo tanto, dada esta dualidade, posibilidades de interpretacións avaladas polo secretario, procederemos como unha proposta e o goberno, o Alcalde, convocará un Pleno para a comparecencia do goberno.

Iniciamos o Pleno da forma na que foi solicitado, constatamos que hai quórum, sesión pública coido que xa está aberta, e iniciamos. O mecanismo é intervención inicial do grupo propoñente, intervención do resto dos grupos e pecha o grupo propoñente, cinco, cinco e tres minutos e se somete a votación, se houbera emendas serán atendidas e consideradas ou non polos diferentes grupos.

UNICO(180).- INCENDIOS PRODUCIDOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO NOS DÍAS 15 E 16 DE OUTUBRO: ACTUACIÓN DAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓNS.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é difícil entender para un demócrata como se pode utilizar o Regulamento dunha forma tan torticera unha vez máis, pero imos quedarnos coa noticia positiva de que o goberno aínda que sexa para a semana a que ven, acepta debater e volver dar explicacións que era exactamente o que pedíamos neste Pleno extraordinario que é o único que podemos pedir co número de concelleiros e de acordo coa normativa porque para pedir unha comparecencia necesítase a maioría no Pleno como vostedes ben saben.

Nós o que queremos é que este feito, a maior catástrofe que sufría esta cidade en toda a súa historia non pase desapercibido unha vez máis e non se corra un tupido velo como é o que se está a pretender dende este goberno municipal e se pretenda que se esqueza as cousas graves que pasaron ese día e as consecuencias graves que eses incendios teñen sobre a nosa cidade, e como queremos falar diso, e como queremos analizar o que ocorreu e ver como se pode intentar evitar que se volva a producir no futuro e ademais queríamos que se dera conta, por iso pedimos este Pleno extraordinario porque sen dúbida o pasado 15 de outubro foi un dos días máis tristes da historia de Vigo, un día no que os vigueses sufrimos a maior perda que se lembra coa queima dos nosos montes, coa

perda de gran parte do noso cinturón verde e cunha situación absolutamente extrema que viviron moitas familias viguesas que se tiveron que enfrontar coas súas mans ao fogo; e cando se produce unha catástrofe destas dimensións a primeira pregunta e por iso onte rexistramos 60 preguntas que esperamos que xa sabemos que para o Pleno de hoxe non o van ter preparado, pero para o Pleno da semana que ven que nos anuncian, 60 preguntas con moitas dúbidas que nos trasladan os vigueses desa noite; primeiro, estábamos preparados para unha catástrofe destas dimensións? Estábamos minimamente preparados para algo tan grave como o que nos ameazaba? Estábamos preparados o sábado cando se vía que os incendios xa estaban na área metropolitana de Vigo para intentar evitar que eses incendios se contaxiaran a nosa cidade? Estábamos preparados con tódolos efectivos en alerta para inmediatamente atallar se os incendios se trasladaban aos nosos montes? Estábamos preparados? Estábamos preparados co Plan de Emerxencia Municipal actualizado de acordo coa normativa de emerxencias? A todas esas preguntas a resposta é non, non estabamos preparados, non temos un Plan de Emerxencias actualizado e enriba ese Plan de Emerxencias non se puxo en marcha, este Plan de Emerxencias que parece o gran secreto que estivo escondido durante anos e anos e que agora por fin conseguimos ter un exemplar, un Plan de Emerxencias que é papel mollado porque está sen actualizar e enriba o único que tiñamos para coordinar as actuacións ante un momento tan grave nin sequera foron capaces de aplicalo, non activaron o Plan de Emerxencia Municipal ante a maior emerxencia que sufriu esta cidade en toda a súa historia, este plan o deixaron vostedes en papel mollado, e iso que trouxo? Trouxo unha absoluta descoordinación, extraordinaria, porque o Plan está para coordinar os efectivos, non houbo coordinación entre os diferentes efectivos, entre a Policía Local, entre os bombeiros de Vigo, entre Protección Civil, por certo se esqueceron vostedes nesa tolemia na que estaban, no coche de sitio a sitio, esqueceronse de Protección Civil e nin sequera os avisaron, non xire, comprendo que a vostede non lle chegue a camisa ao corpo Sr. Font, porque é o principal responsable da emerxencias e de protección desta cidade, comprendo que estea vostede extraordinariamente preocupado polo que pasou esa noite porque fallou todo, porque fallou absolutamente todo, descoordinación absoluta e absoluta improvisación de tódalas medidas que se tomaron nesa noite, non había medios

para atender ao que estaba a a pasar, non había un centro de mando para coordinar tódalas actuacións, había un coche escoba do Sr. Alcalde que ía aos sitios, iso si, acompañado dun fotógrafo para que lle fixera unha foto a pe do cañón, si eu non me tomo en serio o que pasou nesta cidade, eu non mo tomo a broma, hai que tomalo en serio señores do goberno municipal e non o tomaron en serio e non estábamos preparados, e senón o Sr. Font pode rebater todo o que estou dicindo con datos e feitos concretos, teñen a oportunidade, levamos un mes e non escoitamos nin unha soa explicación dende este goberno municipal.

SR. PÉREZ CORREA: As cuestións metodolóxicas e de regulamento moitas veces o que agochan é precisamente que o funcionamento que lle queiramos dar a este Pleno ou a solucións políticas e administrativas para o Concello, moitas veces non están polo menos, nos obxectivos primarios dos partidos políticos. A min, a este grupo, danos exactamente igual o formato, o tempo, non imos resolver en cinco minutos unha cuestión tan importante como a xestión das emerxencias nesta cidade, a responsabilidade é municipal obviamente, somos unha cidade de máis de 50.000 habitantes, polo tanto, as cuestións relacionadas coa extinción de incendios é competencia absolutamente municipal, independentemente que se poida chegar a acordos con outras administracións, polo tanto, por non esgotar cinco minutos que non imos resolver, primeiro, se efectivamente estaban tódolos recursos que marca a lei, se os dous parques municipais de bombeiros tiñan o mínimo efectivo para poder facer as saídas, non imos resolver que se fixo co parque móbil municipal, por certo, en desmantelamento e case destartado cando pode xogar un papel fundamental na extinción de incendios, non imos resolver o estado de limpeza das parroquias, non imos resolver nada nin neste Pleno nin no Pleno que se acaba de anunciar que se convoca. Nós propoñemos que se faga o que di o artigo 35 do Regulamento, comisións especiais e as comisións especiais de investigación, pódense constituírse este Pleno decide constituílo, faise un plan de traballo, acórdase na sesión constitutiva ese plan de traballo, e decídese que comparecencias, que ao mellor non é a comparecencia do Alcalde a que a nós nos interesa como grupo municipal, a nós si nos interesa a comparecencia do xefe da Policía Local, interésanos a comparecencia de todos e cada un dos membros que o Plan de Emerxencia Municipal di que teñen que ter unha reunión, unha

coordinación e interéсанos ao mellor incluso os informes dos servizos que están implicados na extincións de incendios, e esa comisión ao mellor ten que traballar tres ou catro meses, e pasa nos concellos deste país e convócanse comisións e esas comisións traballan e levan ao Pleno un informe, e se ese informe dunha maneira clara e natural di que non había recursos ou di que non se activaron o que se pon no papel, pois ao mellor non hai que dicir “non se activou, culpable”, pois imos cambiar o Plan de Emerxencia Municipal, si é certo que o Alcalde ía nun coche, a parte sabemos o nome do condutor gracias aos medios de comunicación pero iso non figura no Plan de Emerxencia Municipal que o Alcalde e Camilo vaian por tódolos termos da parroquia, iso non ven no Plan de Emerxencia Municipal, non, ao contrario, di que ten que estar localizable e unha sesión constitutiva, se houbera un fallo de comunicación, se afectara por exemplo á rede telefónica, o Alcalde e o xefe de Bombeiros, o da Policía Local, estaban incomunicados, cousa que o Plan de Emerxencia da Xunta de Galicia prohíbe, se vostede nun coche queda incomunicado, certo que non estaba porque participaba na Sexta en directo, pero certo tamén que non forma parte do Plan e polo tanto, se temos que traballar tres meses para dirimir onde ten que estar o xefe de Bombeiros, onde ten que estar o xefe da Policía Local ou que recursos había, eu creo que en cinco minutos non o imos a poñer enriba da mesa, se temos toda a oferta pública de bombeiros completa, se temos o número suficiente de efectivos, de condutores, se as poucas baldeadoras do Parque Móbil estaban onde tiñan que estar, se os vehículos que poden xogar un papel importante do Parque Móbil estaban operativos, as palas retroescavadoras, un camión pluma que poida levar un depósito de auga, todo iso vainos levar tempo, e posiblemente digo meses, iso con naturalidade unha comisión de traballo para paliar posibles erros de xestión que pode ter este Concello. Posiblemente diranme que non tódolos erros son municipais, claro, é que aquí parece que o termo municipal de Vigo de repente arderon as cousas, isto viña de termos municipais onde a Xunta de Galicia tiña responsabilidades, e no momento que chega ao Concello de Vigo, claro que é responsabilidade do Concello de Vigo, pero dicir “viñan de Portugal” entón non é responsabilidade da Xunta de Galicia, agora foron en Vigo non é responsabilidade da Xunta de Galicia, creo que os dous frontes de lume que viñeron aquí, viñan tamén dunha xestión autonómica moi deficiente, posiblemente tamén teñamos que pedir explicacións á Xunta de

Galicia porque o termo municipal quedou acosado por dúas fronte de lume e obviamente cos recursos que teñen os concellos maiores de 50.000 habitantes como digo, cada vez máis exiguos para poder facer fronte a extinción.

Por tanto, nós imos pedir que se constituía esa comisión, que nos demos un Plan de Traballo como pon o Regulamento, que pidamos as comparecencias de tódolos xefes de servizo, dos concelleiros/as que teñen, incluso que pidamos se fai falla as responsabilidades autonómicas ou de Protección Civil ou doutras administracións que competen, nós estamos de acordo con iso e traballar os meses que sexan necesarios.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz e Sr. Pérez, non teñen nin idea do que están a falar, do que pasou, do que se fixo, nin como se resolveu e coas intervencións que acaban de facer, acábamo de confirmar.

Mire Sra. Muñoz, a única que utiliza o Regulamento é vostede porque fixo unha utilización perversa, vostede presentou a petición deste Pleno extraordinario para que se dese conta de todo o que pasou e sabe o que lle pasou? Que cando sabía que íamos a dar conta aquí de todo, tivo medo, e na reunión da Xunta de Voceiros vostede non quixo que aquí se debatese unha explicación por parte do goberno de todo o que pasou, medo, tivo medo, e afortunadamente o Alcalde de Vigo convocou un Pleno no que imos dar absolutamente conta de todo como se ía dar conta neste momento. Pero mire, se tanto lle preocupan os incendios, a catástrofe que era como é que toda a súa achega é crear unha comisión para actualizar o PEMU, esa é toda a súa achega? Cando digo que non teñen nin idea é porque este é o organigrama do PEMU, ese documento que vostedes din que é un papel, este organigrama cun mando do Alcalde dende o momento en que decretou a emerxencia, cumpriuse dende arriba a abaixo, do Alcalde aos concelleiros, dos servizos a tódolos que tiñan que estar no mando operativo, e sabe cal é o problema e o que máis me indigna? Que vostede está nunha utilización política do tema dos incendios, e vostede está ofendendo gravemente aos funcionarios, a tódolos que traballaron nisto, como se atreve vostede a dicir sobre Policía Locais, sobre Bombeiros, traballadores deste Concello que houbo descoordinación, como se atreven a falar dun chofer cando vostedes descoñecen o máis elemental do Plan de Emerxencia Municipal que é nin máis nin menos o Posto de Mando Avanzado,

pero vostedes dánse conta que isto comezou ás dúas da tarde e ás seis da mañá estaba solucionada esa catástrofe bíblica da que vostedes fala, pero non se da conta o eficaz que foron tódolos servizos municipais unido aos privados, se é que é un descoñecemento absoluto, non se pode insultar aos empregados públicos dicindo que isto non foi así, descoñecen as competencias, as competencias en materia forestal corresponden á Xunta de Galicia, e xa o colmo é que a comunicación do PLADEGA que recibimos neste Concello é ás 20,30 horas, cando lévabamos actuando, cando resolvéramos incendios e absolutamente todo, ese é o problema, o problema é que queremos dicir o que ocorreu, e claro, logo o colmo é intentar ridiculizar a situación de como se actuou, o posto de mando avanzado que dirixe o Alcalde, foi unha execución perfecta e debe ser tan perfecta porque o Alcalde das Neves, do seu partido Sr. Pérez, tamén fixo o mesmo, é dicir, isto non é sentarse nun despacho, isto era estar fogo tras fogo adoptando ordenes, transmitindo instrucións ao xefe da Policía Local, ao xefe de Bombeiros, a tódolos representantes de cada unha das concellerías que tiñan que dar o que realmente se necesitaba. Mire, está claro que non queren debater porque presentar que só se quere unha comisión para actualizar, se xa está actualizado, se o imos dar antes do que vostedes pensan, o que pasa é aquí do que hai que debater é do texto alternativo que nós presentamos, hai que debater sobre o papel do goberno do Estado, hai que debater sobre o papel da Xunta de Galicia, hai que debater sobre un pacto de Estado, lamentable non Sra. Muñoz, lamentable é o que dixo vostede neste Pleno, lamentable é que se fale da maior catástrofe segundo as súas palabras e vostede o único que teña é demagogia, e vostede que quería e anunciou aos cidadáns que houbera unha comparecencia deste goberno para contar absolutamente todo, tivera medo na Xunta de Voceiros e dixera que o que pretende é unha moción, esta solicitude de Pleno extraordinario que pediron vostedes era unha comparecencia, que era o que había que facer, e o que dixo agora o Alcalde de Vigo que se fai facer.

O que importa, non é a actualización que tamén o imos facer, o que importa é todo o que hai que facer en incendios e todo o que fixo este goberno a pesares de non ter competencias, sabe o que pasou? Que este plan aquí funcionou e se resolveu perfectamente, e sabe cal é o problema? Que onde non se resolveu foi na actuación da Xunta de Galicia, iso foi o problema, e vostede como sempre ven a

tapar aquí as carencias dos demais, pena de 5 minutos que teño pero terá o goberno a oportunidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire Sr. Font, medo o que pasaron os vigueses esa noite, vigueses aos que vostedes o seu goberno co Alcalde á cabeza está a insultar no día de hoxe, negándose a dar explicacións, hoxe están negándose vostedes a dar explicacións Sr. Font, estanse negando porque están manexando torticeiramente o Regulamento, porque non teñen vostedes maioría absoluta, non poden facer vostedes o que queiran? Pois si querían dar explicacións hoxe poderían ter feito porque ninguén lles cre que non queira ser o Partido Popular que dean explicacións, son vostedes os que non queren dar explicacións, porque non estiveron á altura do que pasou, os que si estiveron á altura foron os vigueses, gracias aos vigueses, gracias ao esforzo da Policía Local, gracias ao esforzo dos Bombeiros, de Protección Civil, que actuaron sen indicacións e actuaron arriscando a súa vida e sen ningunha coordinación por parte do goberno municipal, nunha absoluta desleixo de funcións nun momento crítico na historia desta cidade, gracias a eles os males non foron maiores, se houbera sido por vostedes houbera ardido toda a cidade, se houbera sido polo seu despropósito absoluto, pola súa improvisación constante nesa noite, pola súa descoordinación absoluta e polo caos que sembraron nesta cidade, si señores do goberno municipal, non se poñan nerviosos, se o veu toda España ás once da noite escoitou ao Sr. Alcalde dicir que estaba todo controlado, cando había xente que a estaban a quitar da súa casa rodeada polo fogo, todo controlado de que? Ás once da noite? Pero que pouca vergoña hai que ter para dicir iso, sinceramente, non había efectivos de bombeiros suficientes, non había ningunha coordinación,, había camións que estaban cheos de auga sen ir a ningún sitio porque non sabían onde ter que ir.

Quere converter nunha gaiola de grilos este Pleno e dende logo isto ten moito máis sentido que todo iso, como non di nada o Sr. Presidente seguirei, falla de medios para facer fronte aos incendios, falla de plan de autoprotección e emerxencia, non se activou o Plan de Emerxencia Municipal e se demostrará, falla de protocolos e materiais de comunicación, falta de formación en situacións de emerxencia, falla de medios, falla de mascarillas, falla de camións de bombeiros suficientes, falla de medios para Policía Local que arriscaron as súas vidas, descoordinación absoluta,

non avisaron ao 112, non o avisaron, non avisaron ás autoridades sanitarias que é o que di o Plan de Emerxencia, fixeron un despropósito absoluto, e queren poñerse unha medalla a custa dos vigueses, non Sr. Font

PRESIDENCIA: Eu quero, antes de proceder á votación, primeiro hai unha emenda sobre a que a señora voceira do grupo Popular non se pronunciou, gustaríame saber a súa pronunciación, a emenda o que propón por lela e instar a Comisión de Seguimento do Goberno de España á constitución, a facer seguimentos das axudas da Xunta de Galicia, todo isto é para axudas, instar á Xunta de Galicia a dotarse de medios e revisar protocolos, instar ao goberno de España e buscar o apoio da Unión Europea para facer unha nova política forestal, incorporar ao novo PXOM de Vigo neste momento en elaboración as disposicións correspondentes a ámbitos forestais, ordenando a relación entre cidade e os contornos forestais, que o Concello continúe o estudo xa iniciado de contornas verdes con frondosas autóctonas que serva de barreira natural contra os incendios forestais e instar á Xunta de Galicia a cofinanciar o estudo e a reforestación de Vigo. En suma as accións que hai que tomar neste momento.

Eu estaba onte escoitando unha radio porque ía entrar e estaba o Alcalde das Neves dicindo que aquel concello foi practicamente consumido polas chamas, o 95% e, falaba de que non tiveran nin un só medio da Xunta de Galicia, falaba de que neste momento seguían en situación moi precaria de servizos, falaba das necesidades de incrementar as axudas e as indemnizacións porque a todas luces poden ser insuficientes, porque algúns estamos no debate do momento que é tratar de mitigar tódolos efectos que tivo o incendio, en Vigo e en toda Galicia, e creo que é mal momento para facer debates políticos, políticos partidarios, é un gran momento para facer debates políticos de nobreza, ben feitos, para falar da xente, porque a xente pasou unha noite terrible, aquela noite do 15 e do 16 foi dramático, grave para moita xente e quero sinalar a Sra. Iglesias, pasou esa noite cos lumes de verdade ameazando a súa casa e apagándoa cos seus propios medios, porque a Xunta de Galicia non estaba aquí, e non quero entrar niso, pero estivo apagando ela o lume na cercanía e en tantos lugares, e houbo unha actuación case heroica de Bombeiros, de Policía Local, de Policía Nacional, accións heroicas da Gardas Civís, apoio importante de Protección Civil e un apoio

inestimable dos cidadáns de Vigo, inestimable, aos que eu lle quero volver a recoñecer a gratitude desta cidade, porque esa noite que pasará á historia, pasará como comportamento excepcional dunha cidade que estivo á altura das circunstancias. Non estiveron á altura das circunstancias os que levantaron bulos que poden ter responsabilidades penais, porque houbo bulos importantes, pero estamos a tratar temas moi serios e hai que escapar un pouco da demagogia política, do regate en curto, porque eu falei a unha hora determinada case da noite, co Presidente da Xunta de Galicia, e falei co presidente para dicirlle cal era a situación en Vigo, o que estábamos controlando e para que me dixera que ata as 5 da mañá non tiña ningunha posibilidade de apoiar a esta cidade, e eu o recoñezo realmente e lealmente, non critico ao Presidente da Xunta de Galicia por iso, sinxelamente tódolos medios estaban absolutamente colapsados fora de Vigo, e nós cos nosos propios medios fixémoslle fronte por certo, xa verán todo o que mobilizamos pero cunha cooperación inestimable, de tantos cidadáns que pasaron momentos terribles e que ademais vivían algúns en sitios absolutamente afastados dos lugares de risco coa ansiedade que lle producían algúns bulos, graves, que o hospital estaba ardendo, que tres gasoleiras explotaran, que ía caer todo o fluído eléctrico en Vigo, que se ía cortar a auga, e así un tras outro, tras outro, que producía á xente que estaba vendo e afastada porque no lugares de risco si que estábamos actuando, producía unha enorme ansiedade e foi a actuación pública deste Alcalde que está a falar o que dixo o que estaba a pasar naquel momento, que dos focos de incendios estaban todos controlados excepto un que íamos controlar naquel momento, e iso tivo un efecto importante nesta cidade, porque como os feitos demostraron estaba todo controlado, como os feitos demostraron xa apagaron tódolos incendios, os incendios acostúmanse apagar sós, como os feitos demostraron actuacións de bombeiros, de Policía xogando a súa vida e aí hai dous Policía ou tres e lles quero facer un recoñecemento a eles e a tódolos seus compañeiros porque foi unha actuación heroica, de Policía Nacionais que nalgún momento desaparecían en zonas a buscar a cidadáns que non estaban naquel momento controlados, volvían con eles, de mandar saír a xente da súas casas e deter aquela situación ou estar en Tintureira alí, diante con cidadáns de todo Coruxo falando directamente o Alcalde con eles e pedindo que abrisan o colexio para que quedaran alí e chamando con todo mobilizado, porque se mobilizou o

PEMU, dende o principio ata o final e por certo funcionou francamente ben nunha situación de gravidade e isto foi a acción global dunha cidade, e sabe que sucede? Sucede que o Partido Popular non tolera que houberamos reaccionado todos xuntos, toda a cidade e que houberamos feito colectivamente ben, e non o toleran, sabe que lle pasa ao Partido Popular? Que lle houbera gustado que aquilo fora doutra forma e fora mal porque así cren que lle ían facer dano ao Sr. Caballero, miren chamábame a conselleira de Agricultura para dicirme que estaba ela en parroquias cercanas, e sabe que pasaba? Que eu o que fixen foi dicirlle pois seguir así porque hai que seguir traballando nisto, en Vigo nos bastamos solos porque eu sabía que non había nada que puideran enviar, o Presidente da Xunta de Galicia me dixo ás 5 de mañá vai a chegar a UME, se o necesidades imos a Vigo, eu quero recoñecelo, xa non fixo falla, xa estaba controlado ás 5 da mañá todo, e esta foi a forma de actuar, claro sempre hai xente que quere facer disto debate político partidario pero se todo o mundo escoitou o que dixen en tódolos medios de comunicación de España e foi tal cal o dixen, dixen está controlado, e estaba controlado, saben quen non dicía iso? Sra. González, eu estiben na Avenida de Europa con dous camións de bombeiros e cos camións de bombeiros dos aeroportos, ou non os mirou? Polo tanto chegaron os bombeiros cando eu os chamei e se marcharon, vostedes non se decata de nada, e xente como vostede os que sembraron temor naquel momento, son xente como vostede e algún outro do que xa se falará onde hai que falar, porque o meu recoñecemento a esta cidade, a miña gratitude á cidade, a vostedes lles gustaría que fora doutra forma a raíz do que estou escoitando, por certo ata falei coa voceira do grupo Popular, que me chamou e lle contestei á chamada tan pronto puideron, pero se queren e van saber, os que non collían o teléfono porque non estaban, van saber que órganos de goberno non estaban, pero de gobernos de Galicia e de España, os que non estaban, pero eu quero dicir que esta cidade lle fixo fronte de forma magnífica aos incendios, a Policía, aos Bombeiros, a Policía Nacional, todos en coordinación absoluta e ben levado, eu lamento que ao grupo Popular non lle guste que haxa saído a cousa e extinguido o lume ás cinco da mañá, cando estaba chegando a UME, chamado pola Xunta de Galicia e o meu recoñecemento ao Goberno de España por enviala, por certo o meu recoñecemento, estaba o lume extinguido practicamente en Vigo e polo tanto creo que a actuación desta cidade foi

inconmensurable, o meu recoñecemento a toda a xente que tanto axudou aos que vimos en tantos lugares e o meu recoñecemento ao comportamento heroico dos Bombeiros, da Policía Local, da Policía Nacional, e de Protección Civil, heroico, pero tamén o meu recoñecemento a tantos mozos que miraba alí apoiando, axudando, e facendo un traballo inestimable, ata que chegaban os bombeiros e apagaban en serio, inestimable, con xentes facendo cadeas, foi extraordinario porque aquilo foi un feito dunha gravidade extrema. Pero miren, e hai que aprender moito do que pasou en Vigo, hai algo tan malo como o lume os que sementan bulos, os asasinos que sementan bulos, tan malo como o lume, sementando bulos terribles, que vai pensar unha señora ou un señor de 60, 70, 80 anos que está na súa casa no centro de Vigo cando escoita e lle din ou le, ou ve, que alguén di que está ardendo o hospital de Vigo, que cren que van pensar? Pois alguén inventou ese bulo, que cren que van pensar os que están nas súas casas cando alguén di “a auga non é potable”, que pensan? Que pesan cando alguén di e tramite bulos dicindo as doce da noite se corta o fluído eléctrico en Vigo, que pensan? Que pesan cando alguén di que está ardendo o Castro, que pensan? Está ardendo Castrelos, que pensan? Ou cando alguén di está a miña casa queimada, pois nese momento contra os bulos asasinos houbo que parar inmediatamente, funcionando á perfección todo o tempo, porque sabe quen tiña que estar informando de Vigo naquel momento, tiña que estar informando a Xunta de Galicia tamén porque declararan os seu nivel de acción, e a Xunta de Galicia non estaba, lamentable o Partido Popular en Vigo, unha vez máis en política partidaria, rastreira e intolerable, pero sabe o que di a cidade, Sra. Muñoz, déixeme que llo diga, a cidade estanos felicitando ante aquel comportamento da cidade e ante a sensación global da cidade que fixemos o que había que facer e da forma que había que facer, sabe que fai a xente? A xente felicita ao Alcalde, felicita á Policía Local, aos Bombeiros, felicitacións porque sentiron que nos ocupábamos da cidade, algún mentres tanto sementaban bulos graves, así que, primeiro, acepta a emenda?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Primeiro, non nola pasaron pero a escoitamos do Alcalde non imos aceptar que se intente derivar a outras administracións, estamos a falar de Vigo.

PRESIDENCIA: Non acepta a moción, imos someter á votación a proposta do grupo Popular.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, queda rexeitada dita proposta.

PRESIDENCIA: Xa adianto que haberá moitas propostas no Pleno extraordinario, aos que eu lle pediría ao meu grupo que as aprobe.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta e catro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.